

## Varia

# Un poema eucarístico de Novoneyra nun curioso (e valioso) tríptico de 1955

Xesús ALONSO MONTERO

Universidade de Santiago de Compostela

### I. O BARBEIRO CAMILO AGRASAR, PROMOTOR E EDITOR DO TRÍPTICO

Con Camilo Agrasar Vidal estamos en débeda todos os rosaliófilos e rosaliólogos do mundo enteiro. Naceu en Padrón o 31 de decembro de 1907, onde faleceu o 2 de abril de 1983. En Padrón exerceu de barbeiro nun local que tiña algo de ateneo. Á beira do sillón profesional colocara o ilustrado barbeiro unha librería na que figuraban libros moi diversos: o Dicionario galego-castelán de don Eladio Rodríguez González, varias novelas de Cervantes, algúns libros pedagóxicos da doutora María Montessori e bastantes volumes de Rosalía de Castro.

Rosalía foi a súa paixón, e el un quixote da súa causa. Eu lembro as veces que fun visitar a casa da escritora cos meus alumnos do Instituto de Lugo nun tempo (1961, 1962, 1963...) en que aínda non era Museo e, de feito, estaba desatendida, e a horta, a monte. Para visitala había que ir, primeiro, á barbería de Camilo Agrasar, que tiña, ademais da chave, a información entusiasta que tanto gustaba ós alumnos. O gran Camilo pechaba o establecemento, desatendía durante dúas horas a profesión e púñase ó servizo dos profesores e escolares.

A actual Casa Museo –onde Rosalía e Murguía viviron, de aluguer, os últimos anos– existe polo compromiso rosaliano de dous cidadáns galegos: Xosé Mosquera Pérez e José Villar Granjel. Mercé ós esforzos e ó entusiasmo e á entrega do primeiro e á xenerosidade económica do segundo, a Casa na que morreu Rosalía en 1885 foi convertida en ben común o 29 de decembro de 1946. A partir de aquí, o labor de Camilo Agrasar foi decisivo para salvara da ruína, para adecentalala, para coidar a horta e

para colaborar en canta tarefa fose necesaria para ofrecer, a tirios e troianos, un “lugar da memoria” digno. O barbeiro de Padrón tamén foi un erudito rosaliano, como saben moi ben moitos letrados e doutores, entre os que me conto.

Camilo Agrasar, educado na fonte limpa das páxinas de Rosalía, era, nos anos máis escuros do franquismo, un amante dos libros galegos, amigo de eruditos e poetas e un cidadán comprometido, sen declaracións solemnes, co cultivo literario do idioma galego<sup>1</sup>. Este é o cidadán que, no seo da familia, acordou que a súa filla María Agrasar Quintá fixese a Primeira Comuñón o 2 de outubro de 1955. Meses antes, púxose á fala con poetas galegos que o estimaban e solicitou deles senllos poemas alusivos ó acontecemento, moi importante nunha familia católica, sobre todo naquelas datas.

O tríptico, impreso no obradoiro do Seminario de Santiago, contén, ademais dun poema concorde coa ocasión de Manuel Lago González (1866-1925), catro composicións “ad hoc”: Ramón Cabanillas, Fermín Buza-Brey, Ramón Otero Pedrayo e Novoneira (que así asinou). Quen coñeza as coordenadas políticas e sociolingüísticas daquel tempo, suporá que esta publicación constitúe un acto de militancia, de militancia na causa da lingua galega; tamén suporá que unha boa parte dos invitados á cerimonia relixiosa desaprobaron, algúns explicitamente, que un acontecemento tan elevado e espiritual fose certificado nunha lingua tan pouco decorosa.

Non era a primeira vez que Camilo Agrasar, militante do idioma galego, ideaba e editaba unha publicación destas características. Xa no “Recordatorio” da Primeira Comuñón da súa filla Ilduara (16-7-1953) figura un poema de don Ramón Caba-

<sup>1</sup> V. o volume coordinado por Xosé Ramón Fandiño, *Camilo Agrasar e o entusiasmo apaixonado por Rosalía*, Padrón, Padroado do Pedrón de Ouro, 2009. (tamén recolle algúns artigos do propio Agrasar).

nillas titulado “Á nena Ilduara Agrasar Quintá (no día que recibiu a primeira visita de El Señor)”. Eu recordo a data na que don Ramón recibiu a carta na que Agrasar lle solicitaba os versos. Leuma a min na tertulia galega co café Lyon d’Or (Madrid) e lembro o comezo da carta, moi da prosa do ilustrado barbeiro de Padrón: “Pois señor, eu teño unha filla que se chama Ilduara...”<sup>2</sup>.

Vexamos con algunha atención o breve poema de Novoneyra

O Señor sorri

Prá nena padronesa, María Agrasar Quintá,  
no día da súa Primeira Comunión

“Señor del Mayor Dolor”  
(García Lorca)

Vén a ti O Señor, que está na Fror  
e na ágoa que pasa,  
e non extraña a casa.

Vén a ti O Señor da Dor maior  
que El esquece por ti:  
para non ferirche, sorri.

No sei se en 1955 Novoneyra era católico convencido, condición á que, pasado o tempo, estivo alleo; xa é significativo que hai dez anos o seu enterro fose civil (como o de Antonio Tovar Bobillo), tan infrecuente entre os escritores galegos (Manuel María, Camilo Gonsar, Ramón Piñeiro, Anisia Miranda...).

Cómpre termos en conta que Novoneyra, nese mesmo ano (1955), publica en *Vida Gallega* un poema non alleo ó espírito do que enviou ó tríptico padronés:

O milagre do Nadal

No día escuro  
báixase o fumo

Veo O Nino alumar a escuridá do Nadal!

O vento soio  
aulando no souto

Veo O Nino poblar a soedade do Nadal!

A neve branca  
caíndo calada...

Veo O Nino quentar a friaxen do Nadal!<sup>3</sup>

O poema, que ten a súa orixinalidade dentro do socorrido xénero das panxoliñas, foi exhumado por Olga Novo non hai moito<sup>4</sup>.

Sexa como for, Uxío Novoneyra non lle negou a colaboración poética a aquel militante tan entusiasta da causa do idioma.

Dos catro poemas solicitados, o de Novoneyra é o menos convencional. Xa non é convencional a cita de García Lorca, tida en conta, en parte, nos últimos versos da composición. Repárese no feito de que este poema de Novoneyra, nunca citado polos estudosos, é rigorosamente contemporáneo do seu primeiro libro, *Os eidos*, (Galaxia, 1955). Sen ánimo de diminuír o galego literario de Novoneyra, un purista sinalaría, no último verso, un cheísmo (ferirche).

Ofrecemos o facsímile do tríptico por tratarse dunha rara peza bibliográfica, por colaboraren nel importantes poetas galegos, por acoller un poema de Uxío Novoneyra e por ser un dos poucos textos que se publicou en lingua galega en 1955. Lembrese que a Editorial Galaxia tiña, nesa altura, catro anos de existencia.

## II. APÉNDICE SOBRE UN IMPORTANTÍSIMO SONETARIO

Pertence ó mesmo xénero o folleto *Ofrenda lírica / á nena / María Isabel Ramón Algarra / no día da súa Primeira Comunión*. Trátase dunha edición, non venal, de douscentos exemplares numerados, coidada, co seu habitual decoro, por Edicións Monterrey (Vigo). Promoveu e preparou a edición o escritor galego residente en Madrid Ben-Cho-Shey (Xosé Ramón Fernández-Oxea), pai da nena homeaxeada (Mabel, no hipocorístico familiar). O fermoso opúsculo saíu do prelo, dos Talleres de Faro de Vigo, o 16 de maio de 1955, e a cerimonia relixiosa celebrouse en Madrid o 29 de maio dese ano.


<sup>2</sup> Eu publiquei este poema no vol. 2 da *Obra completa* de R. C., Madrid, Akal, Col. Arealonga, 1979, p. 375. Non lembro agora se nese “recordatorio” había outros poemas.

<sup>3</sup> *Vida Gallega*, Lugo, n.º 676, diciembre, 1955.

<sup>4</sup> *Uxío Novoneyra / Lingua Loaira*, Lugo, Fundación Caixa Galicia, 2004, p. 134.

Ben-Cho-Shey (Ourense, 1896-Madrid, 1988), inspector de ensino primario e erudito moi querido entre os escritores galegos, tivo éxito, moito éxito, ó solicitar dos poetas textos seus para a *Ofrenda lírica*. Repárese no decálogo de sonetistas: Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, Fermín Bouza-Brey, Ramón Cabanillas, Ricardo Carballo Calero, Augusto Casas, José Díaz Jácome, Avelino Gómez Ledo, Angel Johan, Ramón Otero Pedrayo e Victoriano Taibo. No mapa da sonetística galega de 1955 todos os que eran están, e non están moi poucos dos que eran. Estamos ante o primeiro sonetario colectivo en idioma galego.

En maio de 1955 eu residía en Madrid por estar en vésperas das miñas oposicións a cátedras de Literatura Española. Vello amigo de Ben-Cho-Shey e da súa dona, Isabel Algarra, asistín ó acto relixioso e ó ágape posterior, e aínda lembro a emoción con que nos entregou o folleto da *Ofrenda lírica* a Fermín Penzol e a min. Ben-Cho-Shey, sinceramente católico, era máis galeguista ca católico, de aí a emoción coa que repartía o sonetario, moi consciente do prestixio dos dez escritores e da valía dos seus poemas. Anos despois, en 1992, fixen unha edición facsimile da *Ofrenda* a partir do meu exemplar, o número 65 daquela entrañable edición non venal<sup>5</sup>.



<sup>5</sup> Publicouse como anexo do volume *Día das Letras Galegas* (dedicado a Fermín Bouza-Brey), que eu coordinei (Universidade de Santiago de Compostela).

